

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 30 DE XANEIRO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a trinta de xaneiro de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as trece

horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 16 de xaneiro de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- LICENZA DE OBRAS

- Edelmiro Rodríguez Janeiro

ANTECEDENTES

1. Don EDELMIRO RODRÍGUEZ JANEIRO, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Couso, parroquia de San Martiño de Asperxelo, solicita con data 19 de maio de 2025 (RE-

E núm. 323) licenza municipal para SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA E ACABADO DE FACHADAS EN VIVENDA UNIFAMILIAR, con emprazamento no lugar de Couso, parroquia de San Martiño de Asperelo.

2. Achégase proxecto técnico básico e de execución (visado colexial núm. ██████████, do 18/12/24) redactado pola arquitecta Dona María Dolores Blanco Pouso.
3. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o de execución das obras non poderá exceder de tres (3) anos.
4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido pola técnica municipal de Urbanismo Dona Alejandra Fernández-Gago Longueira.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. As obras proxectadas sitúanse en terreos clasificados como “*solo rústico de protección agropecuaria*” polo PXOM en vigor.
4. Solicítase licenza para a intervención na cuberta e en tres fachadas da edificación. Na cuberta proxéctase a substitución do acabado exterior e da estrutura de formación dos faldóns; e nas fachadas solicítase a aplicación dun novo revestimento consistente na colocación dun aplacado de pedra.
5. A referencia catastral do inmovible é a seguinte: 36047A120007760001BZ.
6. O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de VINTE E NOVE MIL TRECE EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (29.013,73 €).

7. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 LSG).
8. Figura no expediente escrito emitido, con data 2 de xaneiro de 2025, polo Servizo de Explotacións Agrarias do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra, polo que informa da non necesidade da emisión do informe solicitado.
9. Constan asemade no expediente as seguintes autorizacións e/ou informes preceptivos de carácter sectorial:
 - Autorización do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra (expediente núm. [REDACTED]).
 - Comunicación de declaración responsable de Augas de Galicia de data 09/01/25 (clave [REDACTED]).
10. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
11. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
12. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
13. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Don EDELMIRO RODRÍGUEZ JANEIRO licenza municipal para SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA E ACABADO DE

FACHADAS EN VIVENDA UNIFAMILIAR, con emprazamento no lugar de Couso, parroquia de San Martiño de Asperelo, con estrita suxeición ao proxecto técnico básico e de execución (visado colexial núm. ██████████, do 18/12/24) redactado pola arquitecta Dona María Dolores Blanco Pouso, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse, de ser o caso, as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.
- c) Antes do inicio das obras deberá achegarse ao expediente o nomeamento de coordinador de seguridade e saúde das mesmas.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de CINCOCENTOS OITENTA EUROS CON VINTE E SETE CÉNTIMOS (580,27 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de CENTO CORENTA E CINCO EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (145,06 €).

3.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRAS

— Gandeiría Conde Cuñarro S.C.

ANTECEDENTES

1. Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 15 de novembro de 2023, concedeuse á sociedade GANDEIRÍA CONDE CUÑARRO S.C., con CIF núm. ██████████ e con

domicilio social no lugar de Cuñarro do Medio, parroquia de Arnego, licenza municipal de obras para LEGALIZACIÓN DE EDIFICACIÓN AUXILIAR DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE, con emprazamento no lugar de Cuñarro do Medio, parroquia de Arnego, con estrita suxeición ao proxecto técnico, visado polo colexio correspondente (██████████, do 01/08/23), redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro.

2. A citada sociedade foi constituída en documento privado estendido con data 17 de xaneiro de 2011 e está integrada por Don Antonio Dafonte Lorenzo (DNI núm. ██████████), Dona Alicia Mundín Vázquez (DNI núm. ██████████) e Don José Manuel Dafonte Mundín (DNI núm. ██████████). Dito documento foi elevado a público mediante escritura pública estendida con data 10 de abril de 2012 ante o notario de Chantada (Lugo) Don Eduardo Díez Fernández-Barbé (protocolo núm. ██████).
3. Con data 15 de maio de 2025 (RE-E núm. 316), Don José Manuel Dafonte Mundín, na representación da sociedade interesada, solicita a modificación da licenza concedida, achegando modificado de proxecto (visado colexial núm. ██████████, do 06/05/25), redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro.
4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido pola técnica municipal de Urbanismo Dona Alejandra Fernández-Gago Longueira.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. No que non contradiga o presente acordo, considéranse vixentes e de plena aplicación os fundamentos xurídicos e o acordo correspondente á licenza orixinal concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de novembro de 2023.
2. A modificación proxectada vén motivada polo desexo da promotora de realizar cambios respecto do inicialmente proxectado.

3. Os cambios introducidos no modificado do proxecto están motivados por unha variación na configuración da parcela orixinal, por mor da agregación dun parcela lindeira en virtude de escritura pública de agregación autorizada pola notaria de Melide (A Coruña) Dona María del Carmen Carreira Simón en data 23 de abril de 2024 (protocolo núm. [REDACTED]).
4. O contido urbanístico do proxecto modificado presentado coincide cos seguintes extremos:

Titulares do predio	[REDACTED]
Inscripción no Rexistro da Propiedade	[REDACTED]
Refº catastral da parcela	36047A139004840000LJ
Superficie da parcela	7.763 m ²
Uso autorizado	Legalización de edificación auxiliar de explotación de vacún
Superficie ocupada en planta	Zona de partos-enfermería-zona de destete de tenreiros: 82,26 m ²

5. A modificación da actividade obxecto da licenza non foi sometida a declaración de incidencia ambiental (DIA) ao atoparse as edificacións obxecto de legalización incluídas na Resolución de data 6 de maio de 2025 do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático en Pontevedra (expediente núm. [REDACTED]), segundo informe emitido pola técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge en data 28/05/25.
6. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
7. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
8. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Modificar parcialmente o acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión celebrada o día 15 de novembro de 2023, de conformidade coas consideracións anteriormente expostas, manténdose a integridade do non modificado polo presente, así como as mesmas condicións especiais fixadas no acordo inicial de concesión da licenza.

4.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE EXECUCIÓN DE OBRAS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE

— RETEGAL S.A.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obra destinada ao desenvolvemento dunha actividade, presentada con data 7 de abril de 2025 (RE-E núm. 244), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL S.A.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)
REPRESENTANTE	MARÍA PILAR CHAPELA VILLANUEVA
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	INFRAESTRUTURA ELÉCTRICA EN B.T. PARA SUBMINISTRO ELÉCTRICO DE CENTRO DE COMUNICACIÓN
LUGAR	ASPERELO
PARROQUIA	SAN MARTIÑO DE ASPERELO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL

RFA. CATASTRAL DA PARCELA DO CENTRO DE COMUNICACIÓNS	36047A119006040000LQ
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico industrial Don Ramón Mantilla Álvarez, en data 20/12/24)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	38.118,89 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	SEIS (6) SEMANAS
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe da técnica de Urbanismo Dona Alejandra Isabel Fernández-Gago Longueira, de data 20/01/26)

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA
AUTORIZACIÓN INDUSTRIA	SI (EXPEDIENTE NÚM. ██████████)
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 19/01/26)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- As obras queda suxeitas ao cumprimento dos condicionantes establecidos polos seguintes informes e/ou autorizacións emitidas por organismos con competencias de carácter sectorial:

- Autorización do Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en Pontevedra de data 17/10/25 (Expediente núm. ██████████).

— Autorización do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra de data 28/07/25 (Expediente núm. [REDACTED]).

Cuarto.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de SETECENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (762,37 €).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

— O Pilón do Faro S.L.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obra destinada ao desenvolvemento dunha actividade, presentada con data 27 de febreiro de 2025 (RE-E núm. 168), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	O PILÓN DO FARO S.L.
CIF	[REDACTED]
DOMICILIO SOCIAL	RODEIRO
REPRESENTANTE	JUAN JOSÉ RODRÍGUEZ PRIETO
DNI	[REDACTED]

DATOS DA OBRA

OBXECTO	ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA INSTALACIÓN DE LAVANDERÍA AUTOSERVICIO
SITUACIÓN	RÚA B NÚM. 3 – BAIXO
LUGAR	RODEIRO
PARROQUIA	RODEIRO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO URBANO – ORDENANZA NÚM. 1 (EDIFICACIÓN EN BLOQUE PECHADO)
RFA. CATASTRAL DO INMOBLE	6425632NH8262N0001TK
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Proxecto técnico e anexos redactados polo enxeñeiro técnico industrial Don Juan José Rodríguez Prieto – visado colexial núm. ████████, de data 28/08/24; e anexos de datas 15/09/25, 16/12/25 e 26/01/26)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	12.403,65 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	DOUS (2) MESES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe da técnica de Urbanismo Dona Alejandra Isabel Fernández-Gago Longueira, de data 27/01/26)

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	LAVANDERÍA AUTOSERVIZO
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 16/09/25)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de DOUSCENTOS CORENTA E OITO EUROS CON SETE CÉNTIMOS (248,07 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

Sexto.- En aplicación do artigo do artigo 24.2 da LECG e do artigo 364.2 do RLSG, con carácter previo ao inicio da actividade, deberá presentar no Concello a seguinte documentación:

- ✓ Comunicación previa para o inicio da actividade.
- ✓ Certificado final de obra asinado por técnico competente.

5.- CONCESIÓN DE PRÓRROGA NO PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA CON LICENZA

ANTECEDENTES

1º.- Dona DOLORES VENCE HERMIDA, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Penerbosa, parroquia de Negrelos, solicita con data 31 de decembro de 2025 (RE-E núm. 830) unha prórroga do prazo de execución de obras de EXECUCIÓN DE INSTALACIÓN DE TRATAMIENTO E

EVACUACIÓN DO SANEAMENTO DE VIVENDA UNIFAMILIAR, con emprazamento no lugar de Penerbosa, parroquia de Negrelos.

2º.- A Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión celebrada o día 23 de outubro de 2025, adoptou acordo de outorgamento da licenza para as devanditas obras.

3º.- O prazo de execución das obras consignado na licenza foi de cinco (5) semanas dende o seu inicio. Segundo a acta de replanteo e inicio das obras achegada, estas iniciáronse o día 28 de novembro de 2025.

4º.- Consta informe da técnica municipal de Urbanismo Dona Alejandra Fernández-Gago Longueira, de data 15/01/26, acreditando a conformidade da prórroga solicitada coa ordenación urbanística vixente.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 145, apartados 3 e 4, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) textualmente dispón: *“Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente”*.

Debidamente informados de canto antecede e acreditado o cumprimento dos requisitos legais esixibles, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Conceder á solicitante unha prórroga de cinco (5) semanas para a execución das obras, que rematará o día 5 de febreiro de 2026.

6.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “MELLORA DO DEPÓSITO DE ABASTECIMENTO DE GURGULLÓNS”

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 30 de decembro de 2025, adoptou o acordo de inicio do expediente de contratación da obra denominada “*MELLORA DO DEPÓSITO DE ABASTECIMENTO DE GURGULLÓNS*”. En virtude do acordado, e de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), incorporáronse ao expediente os seguintes documentos:

- Acta de trazado previo, asinada con data 30 de xaneiro de 2026.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, informado de xeito favorable pola Secretaría municipal.
- Certificación de existencia de crédito expedida pola Intervención municipal.

Xa que logo, debidamente informados e de conformidade co establecido no artigo 117 da LCSP, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra de “*MELLORA DO DEPÓSITO DE ABASTECIMENTO DE GURGULLÓNS*”.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación.

Terceiro.- Aprobar o correspondente gasto, por importe de 54.442,79 €, con cargo á partida correspondente do orzamento xeral en vigor.

Cuarto.- Iniciar o procedemento de adxudicación da obra, publicando o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, de conformidade co disposto no artigo 135 e concordantes da LCSP.

7.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “REPARACIÓN, MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE SANTA BAIA, FAFIÁN, SAN SALVADOR, NEGRELOS E O AZ” – EXPEDIENTE NÚM. [REDACTED]

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación da obra de “REPARACIÓN, MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE SANTA BAIA, FAFIÁN, SAN SALVADOR, NEGRELOS E O AZ”, na reunión celebrada o día 16 de xaneiro de 2026, realizou por unanimidade proposta de adxudicación da licitación ao favor do licitador que obtivo a maior puntuación, unha vez admitidas e avaliadas todas as propostas presentadas, en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

A/ Criterios avaliados automaticamente (ata 100 puntos)

LICITADOR	CIF	PREZO	PUNTOS	AMPLIACIÓN GARANTÍA	PUNTOS	REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	PUNTOS	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	[REDACTED]	394.190,84 €	80,00	4 ANOS	10,00	2 MESES	10,00	100,00
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	[REDACTED]	418.537,79 €	52,00	4 ANOS	10,00	2 MESES	10,00	72,00
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO S.L.	[REDACTED]	445.038,00 €	21,52	4 ANOS	10,00	2 MESES	10,00	41,52
ASFALTOS GALAICOS S.L.	[REDACTED]	418.769,80 €	51,73	4 ANOS	10,00	2 MESES	10,00	71,73
ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES S.L.	[REDACTED]	430.595,52 €	38,13	4 ANOS	10,00	2 MESES	10,00	58,13
HORDESCON S.L.	[REDACTED]	461.388,79 €	2,72	—	0,00	—	0,00	2,72

B/ Resume da puntuación por orde decrecente

LICITADOR	CIF	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	[REDACTED]	100,00
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	[REDACTED]	72,00
ASFALTOS GALAICOS S.L.	[REDACTED]	71,73
ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES S.L.	[REDACTED]	58,13
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO S.L.	[REDACTED]	41,52
HORDESCON S.L.	[REDACTED]	2,72

2º.- O licitador proposto Construcciones y Obras Taboada Ramos S.L.U. foi requirido para a presentación da documentación preceptiva

establecido nas cláusulas 18ª e 19ª do prego (RS núm. 2026-S-RE-9, do 16/01/26).

3º.- Con data 21 de xaneiro do corrente (RE núm. 2026-E-RE-42), dita sociedade presenta no Concello a seguinte documentación:

- ✓ Designación dunha dirección electrónica habilitada para as notificacións.
- ✓ Garantía definitiva por importe de 16.288,87 €, mediante seguro de caución da entidade ATRADIUS CRÉDITO Y CAUCIÓN S.A., estendido con data 19/01/26 (certificado de seguro núm. [REDACTED]).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) dispón literalmente: “O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (...)”.

Segundo.- O artigo 151 do mesmo texto legal dispón que a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de quince días.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula 22ª do prego de cláusulas administrativas particulares, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar o contrato para a execución da obra denominada “REPARACIÓN, MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE SANTA BAIA, FAFIÁN, SAN SALVADOR, NEGRELOS E O AZ” a favor do seguinte licitador:

LICITADOR: CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.

CIF: ██████████

INSCRIPCIÓN NO RXC DE GALICIA: ██████████

INSCRIPCIÓN NO ROLECE: SI

IMPORTE DA AXDUDICACIÓN SEN IVE: 325.777,55 €

IVE: 68.413,29 €

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN CON IVE: Trescentos noventa e catro mil cento noventa euros con oitenta e catro céntimos (394.190,84 €)

MOTIVACIÓN DA ADXUDICACIÓN: Mellor puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e aos licitadores e publicalo non perfil do contratante do Concello.

Terceiro.- A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes á notificación do presente acordo ao adxudicatario.

Cuarto.- Designar á enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso como directora facultativa da obra, e a Dona María Elena Somoza Calviño como coordinadora en materia de seguridade e saúde durante a súa execución.

8.- ALTA DE USUARIA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR BENEFICIARIA DA LEI 39/2006, DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

A existencia de dispoñibilidade horaria no servizo municipal de axuda no fogar permite acordar unha nova alta de usuaria de dito servizo segundo a prioridade establecida no Programa de Asignación de Recursos (PAR) xestionado pola Consellería de Política Social e Igualdade, e que se adapte ao número de horas dispoñibles no PIA a prestar, cumprindo ditas circunstancias nesta data Dona Concepción Anita Eva Calvo López.

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe emitido pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández en data 30/01/26, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda dar de alta no servizo de axuda no fogar da Lei de Dependencia á seguinte usuaria:

NOME E APELIDOS: Concepción Anita Eva Calvo López

DNI: ██████████

DOMICILIO: Lugar de Soeirexa, parroquia de Santa Baia de Camba

VALORACIÓN: ██████████

NATUREZA DO SERVIZO: Axuda no Fogar, modalidade recurso idóneo

PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO: 1,97 €/hora

9.- SUBSTITUCIÓN DE COORDINADORA DE PRÁCTICAS DE FORMACIÓN DE ALUMNA NO CONCELLO

En atención á situación actual de baixa laboral por incapacidade temporal (IT) da mestra-directora do Punto de Atención á Infancia (PAI) Dona Raquel Blanco Valladares, quen fora designada coordinadora das prácticas da alumna Dona Lara Gil Vázquez, por acordo deste órgano adoptado na sesión de data 22 de decembro de 2025, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade substituír a dita traballadora designando, aos citados efectos, coordinadora das prácticas da referida alumna a Dona Inés Vence Lamas, mestra do PAI.

10.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

IMPUTABLES AO EJERCICIO ORZAMENTARIO DE 2025 (Base 8ª Orzamento 2017, prorrogado para o exercicio de 2026)

- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 129,48 €, 33,20 €, 534,89 € E 47,00 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7JQ0002662, TA7JQ0002663, TA7JQ0002664 e TA7JQ0002668 (FACe).
- JORGE OJEA MATO 85,66 € E 42,83 €
Indemnizacións por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- JOSÉ MARÍA NOVO RAMOS 85,66 € E 42,83 €
Indemnizacións por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- ANA BELÉN RODRÍGUEZ PÉREZ 79,56 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- JOSÉ CARBALLO SUÁREZ 79,56 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- INÉS VENCE LAMAS 39,78 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 616,10 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 2261 (FACe).
- ALEJANDRA FERNÁNDEZ-GAGO LONGUEIRA 1.694,00 €
Por servizo de asistencia técnica en materia urbanística no mes de decembro de 2025, s/factura núm. Fn-2025-10-6CR.

- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 53,93 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de novembro de 2025, s/factura núm. 25ZNX0306434 (FACe).
- ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA IMAXINARIUM 2.800,00 €
Por desenvolvemento do programa “*Concilia en período lectivo 2025*” no mes de decembro de 2025, s/factura núm. 0925/0000006 (FACe).
- ASCÁN SERVICIOS URBANOS S.L.U. 165,00 €, 165,00 € E 165,00 €
Por importes mensuais do servizo consistente na recollida selectiva da fracción papel-cartón, s/facturas núm. 81/DIC/25012034, 81/DIC/25012035 e 81/DIC/25012157 (FACe).

IMPUTABLES AO EJERCICIO ORZAMENTARIO DE 2026

- SERTECO-OR S.L. 499,35 € E 127,26 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 26A/11 e 26A/10 (FACe).
- EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS S.L. 942,05 €
Por licenzas anuais de aplicacións Office para equipos informáticos municipais, s/factura núm. FVE/2026/0027 (FACe).
- CONSEJO GENERAL COSITAL 120,00 €
Por subscripción anual a portal de contabilidade pública local, s/factura núm. IN20261306 (FACe).
- ESPÚBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A. 1.032,37 €
Por soporte e mantemento da aplicación informática do padrón municipal de habitantes, s/factura núm. 2026/202601526 (FACe).
- E.S. ATENEO S.L. 795,18 €
Por subministro de gasóleo de calefacción para o Centro de Saúde, s/factura núm. 2025/FD/000901 (FACe).

- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 11.246,31 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de decembro de 2025, s/recibos.
- NATURGY CLIENTES S.A.U. 4.219,51 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de decembro de 2025, s/recibos.
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 152,46 €, 40,00 €, 525,14 € E 47,00 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7JR0002680, TA7JR0002681, TA7JR0002682 e TA7JR0002686 (FACe).
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 44,04 €, 0,00 € E 0,00 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-A6M0-0332793, 28-A6DD-056952 e 28-A6DD-102984 (FACe).
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 734,02 € E 1,74 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de decembro de 2025, s/facturas núm. 4004536192 e 4004541901 (FACe).
- XUNTA DE GALICIA 5.577,16 €
Por autoliquidación do canon da auga correspondente ao terceiro cuadrimestre de 2025, s/cargo.
- XUNTA DE GALICIA 31,13 €
Por autoliquidación de taxa de Augas de Galicia en concepto de autorización no dominio público hidráulico, s/cargo.
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 731,65 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 38 (FACe).

- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 49,80 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de decembro de 2025, s/factura núm. 26ZNX0001405 (FACe).
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 7.030,76 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de decembro de 2025, s/factura núm. 2025/3851 (FACe).
- NOELIA NEIRA VÁZQUEZ 1.595,00 €
Por servizo de chocolate con churros para os participantes na cabalgata de Reis 2026, s/factura núm. 1.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas vinte minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)